

TERCEIRO DA ESO .XEOGRAFÍA E HISTORIA.

Queridos chic@s:

Xa pasou unha semana e xa queda menos para que remate está insólita e histórica situación da que todos nos somos protagonistas e que quedará plasmada nos libros de historia .Libros que algúns de vós, xa non estudaredes pero si os vosos fillos ,sobriños...feitos dos que poderedes dar boa conta porque os estades a vivir nestes intres.

Nas últimas novas da Consellería de Educación durante o terceiro trimestre repasáranse os contidos dos dous primeiros,non se darán contidos novos por ese motivo, está semana repasarmos o primeiro tema.

Os alumnos suspensos, algún trimestre de Xeografía e Historia,teñen a posibilidade de recuperación realizando as tarefas propostas semanalmente e remitíndoas o meu correo,a o longo da semana.A data límite é cada domingo.

Para os alumnos que teñan a materia aprobada serán tidas en conta para subir as medias do terceiro trimestre.

Calquera dúbida ou aclaración sobre a tarefa desta materia, non dubides en consultala no meu correo:

mdocoso@hotmail.com

TEMA1.A ACTIVIDADE ECONÓMICA.

1. Cales son as actividades económicas básicas? Di un exemplo de cada una.
2. Enumera os axentes económicos.
3. Como conseguen os cartos para pagar as súas actividades as Administracións públicas? Eses cartos que se obteñen é público ou privado?
4. Define capital. Cita os distintos tipos de capital.
5. Resume as principais características dos sistemas económicos tradicionais.
6. Formula todas as posibles situacións en relación á oferta e a demanda e os prezos.
7. Que obxectivo teórico ten a planificación centralizada? En que países se mantén hoxe en día?
8. Nunha economía mixta, é o libre mercado o principal xerador de riqueza? Razona a resposta.
9. Desglosa os subsectores económicos dentro de cada sector económico.

10. OS SECTORES ECONÓMICOS

Investiga sobre os sectores económicos entre a túa familia, veciños e amigos. Trátase de que, nunha ficha, anotes a que sector pertence cada un deles, segundo o seguinte modelo :

PERSOA: familiar ou veciño.

SECTOR ECONÓMICO: primario, secundario ou terciario.

SUBSECTOR: no sector primario, agricultura, gandería, silvicultura, pesca. Así con todos os demais.

ACTIVIDADE CONCRETA:

Despois elabora un breve resumen no que expliques a importancia de cada actividade na vida económica da túa contorna.